

Venres, 27 de marzo de 2020

Núm. 60

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MARÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

MEDIDAS TRIBUTARIAS MODIFICACIÓN CALENDARIO FISCAL E PROCEDEMENTO DE RECADACIÓN-ESTADO DE ALARMA

Que a Sra. Alcaldesa, o 18 de marzo do 2020, ditou resolución do tenor literal seguinte:

O día 14 de marzo de 2020 o Goberno de España aprobou o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo *coronavirus COVID-19*, cunha duración de 15 días naturais, que poderá ser prorrogada con autorización do Congreso dos Deputados.

O día 17 de marzo de 2020 foi aprobado o Real Decreto Lei 8/2020, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, norma que trata no seu artigo 33 sobre a suspensión de prazos no ámbito tributario, dispoñendo, entre outros aspectos, a ampliación ata o 30 de abril de 2020 dos prazos de pago da débeda tributaria previstos nos apartados 2 e 5 do artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, os vencementos dos prazos e fraccións dos acordos de aprazamento e fraccionamento concedidos e os prazos para atender os requirimentos, dilixencias de embargo e solicitudes de información con transcendencia tributaria.

O artigo 4 da Ordenanza xeral de Tesourería e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Marín establece o calendario fiscal deste Concello, fixando os períodos voluntarios de cobro dos tributos e prezos públicos municipais de vencemento periódico e notificación colectiva. Por Resolución da Alcaldía nº 3476/2019 do día 30 de decembro de 2019 foi aprobado o calendario fiscal para o ano 2020 establecendo, entre outros, os seguintes prazos:

CONCEPTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE PAGO	
	Data de comezo	Data de remate
Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	1 de febreiro	6 de abril
Taxa por ocupación da vía pública con reservas para aparcamento exclusivo	1 de febreiro	6 de abril
Taxa por subministro de auga potable, servizo de sumidoiro e recollida de lixo 1º trimestre de 2020	1 de abril	5 de xuño
Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 2º fracción	1 de abril	5 de xuño
Prezo público por escola de música 3º trimestre	1 de abril	5 de xuño
Taxa por servizo de mercado	1 de cada mes	25 de cada mes

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:1E8FKAKF8KS23A8T



Venres, 27 de marzo de 2020

Núm. 60

O punto 3º do citado artigo 4 indica que o calendario fiscal poderá ser modificado de forma excepcional, para un concepto tributario e un exercicio, mediante Resolución da Alcaldía debidamente motivada, modificación que se fará pública mediante a publicación dun anuncio no taboleiro de edictos municipal, no boletín oficial da provincia de Pontevedra e nun diario dos de maior difusión da provincia.

Por tanto, á vista do establecido no Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, no Real Decreto Lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, na Resolución ditada por esta Alcaldía o 30 de decembro de 2019, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 4.3 da ordenanza xeral de Tesourería e recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público do Concello de Marín e no artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Deixar sen efecto a data de remate do período voluntario de pago dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre vehículos de tracción mecánica do ano 2020.
- b) Taxa por ocupación da vía pública con reservas para aparcamento exclusivo do ano 2020.

A nova data de remate do período voluntario de pago será fixada por Resolución da Alcaldía unha vez perda vixencia o estado de alarma, data á que, no seu momento, se lle dará a debida publicidade.

Segundo.- Suspende a posta ao cobro das taxas e prezos públicos que se enumeran a continuación:

- a) Taxa pola prestación dos servizos de subministro de auga, recollida de lixo e sumidoiro do 1º trimestre do ano 2020.
- b) Taxa por ocupación da vía pública con quioscos, venta ambulante, mesas e cadeiras. Pago fraccionado: 2º fracción.
- c) Prezo público por escola de música 3º trimestre.
- d) Taxa por servizo de mercado.

A nova data de inicio do período voluntario de pago será establecida mediante Resolución da Alcaldía, unha vez perda vixencia o estado de alarma e previa valoración da conveniencia da adaptación do resto das datas establecidas no calendario fiscal.

Terceiro.- Durante a vixencia do estado de alarma non se iniciará o período voluntario de pago de ningunha liquidación.

Cuarto.- Durante a vixencia do estado de alarma non se iniciarán procedementos de recadación en vía executiva.

Quinto.- Publíquese anuncio no taboleiro de edictos municipal, no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra, nun diario dos de maior difusión da provincia e na páxina web do concello de Marín.

Sexto.- Dese traslado da presente Resolución aos departamentos de Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.

Sétimo.- Dese conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre dende esta data.

